

PUBLICACIÓN

O Gaiteiro de Lugo

Calendario Gallego

Pro Ano Bisesto de 1944

Relixioso, profético, astronómico, recreativo,
patriótico, popular e barato

Ano 87 da fundación.

Propiedá rexistrada

Propietario, XERARDO CASTRO

VÉNDESE A SEIS CÁS

Sen medo de trabucarse
fai pronósticos calqueira:
no año corenta e catro
pasará... lo que Dios queiral



Gaiteiro que eres testigo,
dille ás xentes da tua Terra
que bendigan ao Señor
por estar lonxe da guerra.

VENTA DISTE CALENDARIO

En Santiago, Casas Reales 26, Manuel Neira Torrado.

Na Coruña, Soto, Otero e Fernández, San Andrés 24.

En Vigo, Mariano García, calle García Barbón, 17.

En Ourense, Manuel García e fillos, Lamas Carbajal, 7.

Pedidos a o Editor XERARDO CASTRO, S. Pedro, 29-LUGC

Felras e mercados da provincia de Lugo

Concello de Abadín. — Primeiro e terceiro sábado Gontán.

Il/ox. — 13 Carballido; 25 de Abril e 25 de Xulio Lagoa; o primeiro miércoles Mor.

Antas de Ulla. — O 10 e mercados todos os lunes

Baleira. — Quincenalmente alternando ca de Castroverde.

Barreiros. — Primeiro domingo e 1.^º de Marzo e mercados os viernes en Souto; terceiro domingo San Xulián Becerreda. — O 13 e 19.

Begonte. — 1.^º e 15 Pacios e si o 15 é domingo o 14.

Oarballedo. — 17 e 29 Castro; 4 Buciños.

Castro de Rey. — Cada quince días en domingo alternando ca de Meira; 8 e último sábado Riberas de Lea.

Caurel. — O segundo e cuarto domingo Seoane; 1.^º e 19 Folgoso; primeiro domingo Ferramulín.

Cervantes. — Cuarto domingo Donís; 28 Quindós; 18 San Pedro; primeiro domingo Seixas.

Corvo. — O primeiro domingo e o 16

Corgo. — 13 Aday; 23 Gomeán.

Cospeito. — Terceiro domingo, chamada a do Monte e o primeiro miércoles de cada mes con mercado os miércoles; primeiro xueves Muímenta.

Chantada. — O 5 e 21 e mercados os martes, xueves e domingos; 2 Laxe.

Castroverde. — Cada 15 días; 12 Miranda.

Fonsagrada. — 20 de Xaneiro, 25 de Marzo, 25 de Abril, Ascención, Corpus, 24 de Xunio, 2 de Xulio, 15 de Agosto, 8, 9, 10 e 21 de Septiembre e 8 de Noviembre e mercados os sábados.

Foz. — Mercados os martes; 10 e 24 Espiñeira.

Friol. — O 4 e 21; 6 e 16 Roimil; 18 Cotá; 26 Guimarey.

Germade. — 4 e 19 Momán; 13 Roupar.

Guntín. — 5 Lousada; 11 Lousadeia; 23 Grolos; 15 San Román.

Incio. — O 22.

Xova. — Rigueira e Xove, o cuarto domingo.

O Gaiteiro de Lugo

Calendario Gallego

pro Ano Bisiesto de 1944

según as ouservaciós feitas no Ouservatorio da ciudá de San Froilán, con arreglo ó meridiano de Santiago.

ÚNICO QUE SE PUBLICA EN GALICIA

Oómputo eclesiástico.— Aureo núm. 7.—Epacta 5.—Ciclo solar, 21.—Indición román, XII.—Letra dominical, b A.—Letra do martiroloxio, e.

Velacións.—Péchanse o 23 de febreiro e o 3 de nadal. Abrense o 10 de abril e o 26 de nadal.

Ecrises.—25 de xaneiro, total de Sol, veráse como parcial en Galicia. Horas: na Cruña de 16 h. 16 m. a 17 h. 20 m.; Lugo de 16 h. 15 m a 17 h. 23 m.; Ourense, de 16 h. 15 m. a 17 h. 24 m.; Pontevedra, de 16 h. 15 m. a 16 h. 50 m. En Madrid comenza as 16 h. 11 m. e ponse o Sol ecrisando.—20 do mes de Sant-Iago, ecrise anular de Sol, veráse ao Norte do Oceano Indico, dende África, pol-o Sur de Asia e parte de Oceanía.

Festas.—Circuncisión, 1.^º de xaneiro.—Reises, 6.—Septuaxésima, 6 de febreiro.—Domingo de Antroido, 20 de febreiro.—1.^º de Coresma, 27 de febreiro.—Domingo de Ramos, 2 de abril.—Pascua, 9 de abril.—As Pascuillas, 16 de abril.—Ascensión do Señor, 18 de mayo.—Pentecostés, o 28.—Trinidad, 4 de San Xohan.—Santísimo Corpus Christi, o 8.—Ofrenda do Reino de Galicia a Xesús Sacramentado, o 11.—O Sagrado Corazón, o 16.—Festa de Cristo Rey, 29 de Outono.—1.^a Dominica de Advento, 3 de Nadal.

Témportas.—Primeiras, 1, 3 e 4 de marzo; segun-

das, 31 de mayo, 2 e 3 de San Xohan.—Terceiras, 20, 22 e 23 de setembro.—Derradeiras, 20, 22 e 23 de Nadal.
Rogacións.—Mayores, 25 de abril, menores, 15, 16 e 17 de mayo.

Testamento do ano 1943

Dicen que ven outro ano,
chega co meu pasamento;
haberá duas festas xuntas:
seu bautizo e meu enterro.

Antes de pechal-os ollos,
gaiteiro, quero testar;
mórroche ben arruinado,
pouco teño que deixar.

Déixolle unha guerra ao demo
con todolos seus inventos.
Vai mellorado na herданza,
non dirán que non o quero.

Esmolas de peste e fame
poderá repartir ben;
que ningúén de min se queixe,
cada un dá do que ten.

Recibín un mundo torto
cando meu pai foi morrer;
e mórrome de xenreira
o ver que perdiñ máis que él.

Dou de baixa no meu cupo
naves, portos, pontes, vilas,
iglesias e catedrales,
ledicia, fogares, vidas...

Pol-o ben da miña i-alma
somentes pudo deixar

aqueles poucos rincunchos
que poden vivir en pas.

Gaiteiro que eres testigo,
dille ás xentes da tua Terra
que bendigan ao Señor
por estar lonxe da guerra.

A trinta e un de Nadal
fecho vida e testamento;
anque todo o mundo chora
non chora o meu pasamento.

Consellos da tía Fuca á sua sobriña

Estes consellos foron escritos vai xa pra
cen anos; as mulleres nin os quixeron es-
coitar d'aquela nin os escoitarán agora.
Pior pra elas. ¡Por nós que non quede!

Cata, Minga, que non vayas
tan de cotío ó Liceo
que metida no bureo
escorregues e te cayas,
e que dimpois das gandayas
non queiras deixarte ver,
decindo para tí sola:
*Pol-o rabo da culler
vai subindo o gato á ola.*

Arrédate de ir deitada,
cando bailes, na parexa,
que parezca a quen te vexa
que fas dela unha almohada,
pois tal moda é mal mirada
e perderás do teu ser
deixando correr a bola.
*Pol-o rabo da culler
vai subindo o gato á ola.*

Si das muy larga a pasada,
como galga cañaveira,
muller mol da calcañeira
chamarante, e escarranchada.
Non bailes pois «á pernada»
que botarás a perder
mais que o miriñaque e pola.
*Pol-o rabo da culler
vai subindo o gato á ola.*

Xa sabes que hay unha alhaxe
que a ningunha outra se amolda,
e si creba non ten sólda
nin remendo tal estraxe,
quedando fanada a imaxe,
sin o fecho do pracer,
cal veiga aberta que agrola.
*Pol-o rabo da culler
vai subindo o gato á ola.*

Pol-o moito roxamento
vaise luíndo a moeda
e, sendo nova, se queda
sin lustre nin valimento.
Quen pois tanto achegamento
do corpiño vai facer
busca perda e carambola.
*Pol-o rabo da culler
vai subindo o gato á ola.*

Quen quixer chegar ali
que non vaya pol-o atallo,
pois si caes nun traballo
ninguén o pasa por ti.
Cata que o refrán nos dí:
«a que así o quixere ter

que tamén o munxa sola».

*Pol-o rabo da culler
vai subindo o gato á ola.*

O lume preto da estopa
xa sabes, Minga, o que fai,
de filla se pasa a nai
mais presto que vira a copa.

Mira cómo fal-a sopa
e companguiño, muller,
si con allo ou con cebola.

*Pol-o rabo da culler
vai subindo o gato á ola.*

Si bailas, baila muiñeiras
que non teñen roxaduras
nin descompostas posturas
desas bailas estranxeiras.

As miazas muy churrusqueiras
que voantes queren ser
poden fender a cachola.

*Pol-o rabo da culler
vai subindo o gato á ola.*

Non se opoñen a alegría
bo modiño e compostura;
o respeito e a finura
de que sempre a corda fia.

Cal xoia de gran valía
debe estimarse a muller
sin farse parva nin tola.

E ASI NON PORÁ CULLER
PARA IR O GATO A OLA.

Juan Manuel Pintos

XANEIRO 31 DIAS

ADICADO AO NENO XESÚS

- 1 Sáb. † A Circuncisión do Señor. — ss. Fulxencio, Xustina, Martiña i-Eufrosiana. — I. B.
3 Dom. O Santísimo Nome de Xesús. — ss. Macario, Isidoro, Narciso e o Beato Pedro abade (G).

Creciente ás 10 e 4 m. da noite

¶ O ano escomenza con chuvias en algúns lados. Ca lúa veñen xiadas más fortes. Temos auga e neve sin que amaine a friaxe.

- 3 Lun. ss. Genoveva e Daniel.
4 Mar. ss. Aquillino, Tito e Benedicta.

PERIHELIO

- 5 Miér. ss. Anastasio e Teodoro bispos (G), Telesforo, Eduardo, Apolinar i-Emiliiana.
6 Juev. † Epifanía. A Adoración dos Santos Reis, Mchor. Gaspar e Baltasar e S. Meliano. — I. B.
7 Vier. ss. Xulián patrón do Ferrol e Fiz.
8 Sáb. ss. Maximino, Luciano e Gúdula.
9 Dom. ss. Marcelino, Xulián, Vidal e Marciana.
10 Lun. ss. Gonzalo de Amarante, Agatón e Xohan.

Cheia ás 10 e 9 m. da mañán

¶ O frío non quer deixarnos. Temos únhas noites de lúa crara e días de sol que somellan de febreiro. Os porcos han tomar moi ben o sal.

- 11 Mar. ss. Teodosio, Hixonio, Salvio e Anastasio.
12 Miér. ss. Arcadio, Victoriano, Benito e Modesto.
13 Juev. ss. Leoncio, Gumersindo e Verónica.
14 Vier. ss. Hilario i-o beato Bernardo de Corcón.
15 Sáb. ss. Pablo, Mauro e Benito.
16 Dom. ss. Fulxencio, Marcelo, Ticiano e Honorato.
17 Lun. ss. António abade, Rosalina e Leonila.
18 Mar. A Catedra de S. Pedro en Roma, e Santa Margarida.

Mingoante ás 3 e 32 m. da tarde

¶ O mingoante quer escorrentar ás xiadas e chamar ás chuvias. Nubes, borralleiras, chuvia miudiña.

- 19 Miér. ss. Mario, Sara, Marta, Canuto e Mario.
 20 Juev. ss Fabián, Sebastián e Feliz.
 21 Vier. ss. Inés, Froitoso e Plubio.

Sol en Acuario ás 3 e 54 da mañán

- 22 Sáb. ss. Vicente, Anastasio, Lustulor e Gaudencio.
 23 Dom. ss. Adefonso e Raimundo de Peñaford.
 24 Lun. N.ª S.ª da Paz e ss. Timoteo e Feliciano.
 25 Mar. ss. Ansurio, Bimarasio, Gonzalo Osorio, Froilengio, Seriendo, Viliulfo, Pelayo Alfonso e Pedro bispos (G), A Conversión de S. Pablo e Sta. Elvira.

Nova ás 3 e 24 m. da tarde

- Entra con humedá e ventos do S. O. mais non son seguros e quer secar.
 26 Miér. Stos Froila (G), Policarpo, Teógenes e Paula.
 27 Juev. ss. Olalla, Anxela, e Xohan Crisóstomo.
 28 Vier. ss. Pedro Nolasco, Xulián, Cirilo, Tirso e Inés.
 29 Sab. ss. Francisco de Sales, Valero e Ruzafa.
 30 Dom. ss. Martíña, Hipólito e Fiz.
 31 Lun. ss. Juan Bosco, Xulio e Marcelz.

NOTA.—I. P., Indulgencia Plenaria; I. B., Indulgencia Parcial.
 (G) Santos Galegos

Dispensados os aúños e abstinencias nestes tempos de guerra, mas Diócesis de Galicia os Prelados os commutam por dous días de vixilia e aúño, por exemplo, o Miércoles de Ceniza e Viernes Santo.

Cantarea

S'eu che poidera decir
 o que teño que contar;
 ti, escachariste a rir...
 y-eu, tería que calar.

Lisardo R. Barreiro

Refráns de xaneiro

Ca lúa de xaneiro vese a formiga no carreiro.
 En xaneiro, visita ó outeiro: si ves verdegar,
 ponte a chorar; si ves terrexar, ponte a cantar.
 En xaneiro, pon o alleiro.
 En xaneiro, berza vella, val carneiro.

FEBREIRO 28 DIAS

ADICADO A CANDELARIA

1 Mar. ss. Ignacio, Severo, Pablo e Bríxida.

Crescente ás 7 e 8 m. da mañán

○ O tolo de febreiro entra con tempo revolto, con ventos do S. O. que queren revirar e dias alborotados.

2 Miér. A Candelaria e Sta. Feliciana.

3 Juev. ss. Blas, Fiz e o Beato Nicolás.

4 Vier. ss. Andrés, Leonisa e Gilberto.

5 Sáb. ss. Francisco Blanco, mártir (G), Agueda, Calamanda e Albino.

6 Dom. de Septuaxésima.—ss. Tito, Teófilo, Saturnino e Dorotea —l. B.

7 Lun. ss. Romualdo, Ricardo e Xuliana.

8 Mar. ss. Xohan de Mata, Ciriaco, Paulo e Dionisia.

9 Miér. ss. Cílio, Donato e Apolonia.

Cheia as 5 e 29 m. da mañán

○ Días craros en que pica o sol de febreiro ¡Ollo ca saude das xentes e do gado!

10 Juev. ss. Escolástica, Sotera e Xacinto.

11 Vier. Nosa Sra. de Lourdes e ss. Saturnino, Lázaro e Desiderio.

12 Sáb. ss. Euxenio, Damián e Olalla.

13 Dom de Sexaxésima.—ss. Estebo abade (G), Benigno, Marcelo, Lucius e Catalina —l. B.

14 Lun. ss. Valentín e o beato Xohan Bautista.

15 Mar. ss. Faustino, Severo, Casto, Lucio e Decoroso.

16 Miér. ss. Elias, Isalas, Xeremias, Xulián e Faustino.

17 Juev. ss. Xulián de Cadocia e Alexo.

Mingoante ás 7 e 42 m. da mañán.

○ Chaparradiñas que traén os ventos do S. O. tempo que asi e todo, non dañará ás leiras

18 Vier. ss. Teotonio (G), Simeón, Clodio, Eladio e Santa María Bernarda.

19 Sáb. ss. Quirino, Alvaro e Conrado.

Sol en Piscis ás 6 e 14 m. da serán

- 20 Dom. de Quincuaxésima (*Antroido*).—ss. León, Eleuterio e Nemesio.—I. B.
 21 Lun. ss. Máximo, Fiz e Ovidio — *Anima*.—I. P.
 22 Mar. de *Antroido* — A Cátedra de S. Pedro en Antioquia e ss. Pascasio e Tecia.
 23 Miér. de *Ceniza*.—ss. Ordoño bispo (G), Marta, Margarida e Fiorenco.—Féchanse as velacións.—Aúno.—I. B.
 24 Juev. ss. Modesto, Sergio e Primitiva.—I. B.

 *Nov 1 casi ás 2 dá mañán*
 Cede a i-auga, fuxe o vento do S. e torna un Nortiño que non agasalla a todos.

- 25 Vier. ss. Matías, Valerio monxe (G), beato Sebastián de Aparicio (G), Cesáreo, Valero e Donato.—Aúno e abstinencia —I. B.
 26 Sáb. ss. Alexandro Fortunato e Victor.—Aúno.—I. B.
 27 Dom. I de Coresma.—ss. Baldemero e Leandro.—I. B.
 28 Lun. ss. Basilio e Procopio —I. B.
 29 Mar. ss. Macario e Gabriel de Dolorosa.



A d i v i ñ a s

Estando doux pes, encima do tres pes, comendo un pe, veu catro pes e rapouille o pe; vai o doux pes colle o tres pes por un pe e tiralle o tres pes. E catro pes deixou o pe.

(*O doux pes é un home; o tres pes, un banco; un pe, un pezuño; o catro pes, o can.*)

—

Eirexiña pequerrecha,
 sacristán rebulidor,
 os santiños que ten diante
 todos son d'unha color.

(*A eirexa é a boca; o sacristán a lingoa
 i-os santiños, os dentes.*)

MARZAL 31 DIAS

ADICADO Á SAN XOSÉ

- 1 Miér. S. Rosendo bispo, S. Manilau abade (G) e
O Sto. Anxel da Guarda.—*Temporas.*—I. B.

Crescente ás 8 e 40 m. da noite

Os labradores quéixanse en moitos lugares, uns das xiadías que veñen e var, outros da moita humedad das suas leiras. Anque chove, nunca chove a gusto de todos.

- 2 Juev. ss. Simplicio, Pablo e Lucio.—I. B.

- 3 Vier. ss. Emeterio, Celedonio e Ticiano.—*Temporas.*
—Aúno e abstinencia.—I. B.

- 4 Sáb. ss. Casimiro, Cayo e Lucio.—*Temporas.*—I. B.

- 5 Dom. II de Coresma.—ss. Eusebio, Adrián, Teófilo e
Nosa Sra. de África.—I. B.

- 6 Lun. ss. Victoriano, Víctor e Cirilo.—I. B.

- 7 Mar. ss. Tomás de Aquino e Felicitas.—I. B.—Festividade dos estudantes.

- 8 Miér. ss. Xohan de Dios e Fiz. | Aúno.—I. B.

- 9 Juev. ss. Francisca e Catalina.—I. B.

- 10 Vier. ss. Crescencio, Alejandro e Melitón.—Aúno
con abstinencia.—I. B.

Cheia ás 12 e 28 m. da noite

Neves e chuvias, namentral-o vento non xira ó N.

- 11 Sáb. ss. Euloxio, Constantino e Fermín.—Aúno.—I. B.

- 12 Dom. III de Coresma.—ss. Gregorio e Ntra. Sra. da Misericordia. I. B.

- 13 Lun. ss. Leandro, Cristina i-Eufrasia.—I. B.

- 14 Mar. ss. Florentina e Matilde.—I. B.

- 15 Miér. ss. Anxel Tutelar de Galicia, Lorgines, Raimundo e Melitón.—Aúno.—I. B.

- 16 Juev. ss. Xulián, Ciriaco e Agapito.

- 17 Vier. ss. Xosé de Arimatea e Patrício.—Aúno e
abstinencia—I. B.

Mingoante ás 8 e 5 m. da noite

Custalle xirar a este condanido de vento e case é mellor que se non movea pois si fai dano a moita i auga non vos é pior que tornen as xiadas pol-as noites.

- 18 Sáb. ss. Cirilo, Gabriel, Salvador e Braulio.—*Aúno.*
—I. B.
 19 Dom. *IV de Coresma*.—† *San Xosé esposo da Sma. Virxe*.—I. B.
 20 Lun. ss. Martiño de Dumio bispo (G), Eufemia e Ambrósio.—I. B.

Sol en Aries ás 5 e 35 da tarde

- 21 Mar. ss. Benito abade e Filemón.—*Aúno*.—I. B.

PRIMAVEIRA

- 22 Miér. ss. Deogracias, Plubio e Basilio.—I. B.
 23 Juev. ss. Victoriano, Fidel e Toribio.—I. B.
 24 Vier. O Arcanxo San Gabriel e ss. Simeón e Agapito.
—*Aúno e abstinencia*.—I. B.

Nova ás 11 e 36 m da mañán

● E nova echora de frío. Cen tal que ó medrar non deite saravias, poderemos acordar que entrou a Primaveira.

- 25 Sáb. A Anunciación da N. Sra. i-Encarnación do Señor, ss. Dimas e Quirino.—*Aúno*.—I. B.
 26 Dom. *de Pasión ou de Lázaro*.—Bto. Diego Xosé de Cádiz (G), ss. Braulio e Teodosio.—I. B.
 27 Lun. ss. Xohan Damasceno, Ruperto, Lidia e Alejandro.—I. B.
 28 Mar. ss. Xohan de Capistrano, Castor, Doroteo e Sixto.—I. B.
 29 Miér. ss. Pastor, Xonás i-Eustasio.—*Aúno*.—I. B.
 30 Juev. ss. Xohan Clímaco, Víctor e Régulo. I. B.
 31 Vier. *de Dolores*. ss. Amadeo e Amós.—*Aúno con abstinencia*.—I. B.

Crescente ás 12 e 34 m da tarde

● E craro que se non acorda un que entrou na Primaveira. Este tempo non é doado pra todos. Xa temos polo menos unha das mil chuvias de abril a mollal-a xiada.

Adiviña

¿Qué cousa é cousa—que come no monte,—bebe na fonte—e baila na casa—como unha rapaza?

(A peneira)

ABRIL 30 DIAS

ADICADO AOS DOORES DA VIRXE

- 1 Sáb. ss. Venancio, Macario e Teodora.—*Festa nacinal.*—Año.—I. B.
- 2 Dom. de Ramos.—ss. Francisco de Paula e Abundio.—I. B.
- 3 Lun. ss. Engracia virxe mártir (G), Benito, Ricardo, Benigno e Ulpiano.—I. B.
- 4 Mar. ss. Isidoro, Víctor e Zósimo.—I. B.
- 5 Miér. Bto. Xohan de Viveiro (G.), ss. Vicente Ferrer, Emilia e Irene.—Año.—I. B.
- 6 Juev. Santo.—ss. Celso, Celestino e Marcelino.—I. P.
- 7 Vier. Santo.—ss. Epifanio, Ciriaco e Donato.—Año e abstinencia.—I. B.
- 8 Sáb. Santo ou de Gloria.—ss. Perpetuo, Alberto, Máxima e Xenaro.—Año.—I. P.

Cheia ás 5 e 22 m. da tarde

● I-agora a xiada sobre a terra mollada. Mais o sol, non vos dura muito, ¿qué vai durar? Tempo abrideiro que non é bô pra a froita nin piñao celeiro.

- 9 Dom. de Pascua de Resurrección.—ss. María Cleofé, Casilda e Prócoro.—I. P.
- 10 Lun. ss. Urbano abade (G), Ecequiel e Daniel.—*Abrense as velacións.* I. B.
- 11 Mar. ss. León, Antipas e Isaac.—I. B.
- 12 Miér. ss. Víctor mártir (G), Constantino e Zenón.—I. B.
- 13 Juev. ss. Hermenexildo, Xustino e Máximo.—I. B.
- 14 Vier. ss. Pedro González Telmo ab. dos mariñeiros (G), e Tiburcio e Valeriano.—I. B.
- 15 Sáb. ss. Anastasia, Basilisa, Victorina i-Elena.—I. B.
- 16 Dom. in Albis (as Pascuillas).—ss. Toribio bispo de Astorga, Frooso de Braga bispo e fundador (G), Engracia, Cayo e Benito Labre.—I. B.

Mingoante perlo das 5 da mañán

● Abril e mingoante, chuvia avante.

- 17 Lun. ss. Aniceto, María Ana i-Elena.
- 18 Mar. ss. Eleuterio, Andrés e Toribio.


- 19 Miér. ss. Vicente, León, Hermóxenes e Crescencio.—
Festa nacional.
- 20 Juev. ss. Bto. Alfonso de Ourense (G), Inés de Monte
 Pulciano, Marcelino e Víctor.
Sol en Taurus ás 5 e 3 m. da mañán
- 21 Vier. ss. Anselmo, Apolonio e Alexandra.
- 22 Sáb. ss. Serónima virxe (G), Sotero, Cayo e Angustias.

Nova ás 8 e 43 da serán

- 23 Dom. Nosa Sra. a Divina Pastora e ss. Xerardo, Xurxo, Adalberto e Clemente.
- 24 Lun. ss. Fidel, Gregorio, Leoncio e Honorio.
- 25 Mar. ss. Marcos, Aniano i-Estebo.—I B.—*Rogacións maiores.*
- 26 Miér. Solemnidade de S. Xosé e ss. Pedro de Rates, Miguel González (G), Cleto, Marcelino e Nosa Sra. da Saleta.
- 27 Juev. ss. Anastasio, Toribio e Pedro Canisio.
- 28 Vier. ss. Estebo, Prudencio, Patricio, Vidal e San Pablo de Cruz.
- 29 Sáb. ss. Pedro de Verona, Roberto e Hugo.
- 30 Dom. ss. Amador, Sofía, Lourenzo e Catalina de Siena

Crescente ás 6 e 6 m. da mañán

- 25 Ventos borrallos do S. O., algunha chuvia, fría.



Refráns de abril

Abril quente e molgado, carga o carro y henche o gado.

Abril frío e fornos quentes, alegrías pr'os meus dentes.

En abril, abre a porta o gado e déixao sair.

Augas de abril, enchen o carro e mais o carril.

En abril, ronca o porco no cubil.

MAYO 31 DIAS

M E S D A S F R O R E S

- 1 Lun. ss. Felipe, Santiago, Sexismundo e Orencio.
- 2 Mar. ss. Anastasio e Fiz. *Festa Nacional.*
- 3 Miér. A Invención da Santa Cruz e S. Aleixandro.
- 4 Juev. ss. Paulino, Ciriaco, Mónica e Antonina.
- 5 Vier. ss. Pío, Máximo, Eulogio e Agustiño.
- 6 Sáb. ss. Xohan Ante-Portam-Latinam patrón dos impresores, Benita e Nosa Sra. da Cabeza.
- 7 Dom. ss. Augusto, Agustiño, Domitila, Estanislao e Benedicto.
- 8 Lun. Nosa Señora dos Desamparados, a Aparición de San Miguel e S. Eladio.

Cheia ás 7 e 28 m. da mañán

Os ventos andan á roda. Ceo craro en algúns lugares. Non cede o frío das mañáns.

- 9 Mar. ss. Gregorio Naciancenzo e Lucas.
- 10 Miér. ss. Antonino e o beato Xob.
- 11 Juev. ss. Domingo eremita (G), Florencio e Anastasio.
- 12 Vier. ss. Domingo da Calzada, Nero I-Epifanio.
- 13 Sáb. Nosa Sra. dos Mártires e ss. Pedro Regalado e Roberto Belarmino.
- 14 Dom. ss. Bonifacio, Pascual, Xusta e Xustina.
- 15 Lun. ss. Isidro labrador, Torcuato, Simplicio e S. Xohan B. de la Sal'e.—I. B — *Rogacións menores.*

Mingoante ás 11 e 12 m. da mañán

O S. O. quer descompor o tempo cando se pon de primaveira.

- 16 Mar. ss. Xohan Nepomuceno, Honorato e Ubaldo — I. B.— *Rogacións menores.*
- 17 Miér. ss. Pascual Bailón e Bruno.— I. B.— *Rogacións menores.*
- 18 Juev. + A Ascensión do Señor.— ss. Félix Cantalicio e Dióscoro.—I. P.
- 19 Vier. ss. Pedro Celestino, Ciriaca e Prudencia.
- 20 Sáb. ss. Bernardino de Sena e Anastasio.

21 Dom. ss. María Auxiliadora dos Cristianos, Victorio e Secundino.

Sol en Géminis ás 4 e 36 da mañán

22 Lun. ss. Rita de Casia, Elena e Rufino.

Nova ás 6 e 12 m. da mañán

23 Milloría. Días mais temprados. As chaparradas, fortes, pasan logo.

23 Mar. ss. Desiderio, Basilio e Miguel.

24 Miér. ss. Torcuato (G), Susana e Robustiana.

25 Juev. ss. Genadio bispo (G), Gregorio, Luciano e Dionisio.

26 Vier. ss. Felipe Neri e Zácaras.

27 Sáb. ss. Beda, Xohan, Restituta, Xulio i-Eutropio.

28 Dom. *Pascua de Pentecostés ou do Espírito Santo.*—ss. Viliulfo, bispo de Tuy (G), Xusto, Eladio, Luciano, Xermán, Emilio e Agustín.

29 Lun. ss. Teodosia, Maximino e Magdalena de Pacis.

30 Mar. ss. Donadeo, Maximo e Bonelo, monxes do Bierzo, Sta Egeria (G), Fernando Rey de España, Basilio e Félix..—I. B.

Crescente as doce e 6 m. da noite

31 Miér. ss. María Mediadora de Todas-as Gracias, Petronila, Crescencio e Pascasio.—*Témperas.*—I. B.

Ditos sobre as mulleres

A muller e a cabra, a pata quebrada.

A muller e a primeira leira que o labrador ve pol-a mañán.

A muller e o home honrado, pol-o camiño do carro.

Muller costureira e home troiteiro; nin boa meda, nin bon palleiro.

Vos dona i-eu dona ¿quén botará o porco fora?

Veciña, ó teu argadelo e deixa o meu.

Imos ao trato: a muller pita y-o home, gato.

XUNIO 30 DIAS

MES DE SAN XOHÁN

- 1 Juev. Beatos Pedro Vázquez e Antonio de San Boaventura mártires (G.), Nosa Sra. da Luz e Santos Iñigo e Fortunato.—I. B.
- 2 Vier. ss. Marcelino, Pedro e Nicolás Peregrino.—*Témporas.*—Abstinencia sin aúno.—I. B.
- 3 Sáb. ss. Paula, Clotilde, Isaac e Ovidio.—*Témporas.*—I. B.
AFELIO
- 4 Dom. A Santísima Trinidade e ss. Francisco Carraciolo, Saturnina e Quirico.—I. B.
- 5 Lun. ss. Bonifacio, Doroteo, Apolonio e Sancho.
- 6 Mar. ss. Gonzalo de Acebeito abade (G), Norberto, Felipe, Amancio e Paulina.

Lua chea perto das 7 da serán

7 Ventanias e treboidas ¡Dícl-as leve onde non danen! - que non pasan namentras non revira o vento e cede a calor.

- 7 Miér. O Trunfo de San Pablo e S. Roberto.
- 8 Juev. † *Sanctissimum Corpus Christi.*—ss. Medardo, Salustiano e Maximiano.
- 9 Vier. ss. Primo, Feliciano, Ricardo e Pelaxio.
- 10 Sáb. ss. Restituto, Ciriaco e Margarida.
- 11 Dom. ss. Bernabé, Fiz, Fortunato e Delaira.—*Ofrenda do Reino de Galicia ó Smo. Sacramento en Lugo.*
- 12 Lun. ss. Xohan de Sahagún, Nazario e Onofre.
- 13 Mar. ss. Antonio de Padua e Luciano.—I. P.

Mingoante perto das 4 da tarde

7 O tempo quente fai ben aos eidos, anque as choviscas quevenen cas treboidiñas queren decir que este ano non ha ser tan sequilo como o que pasou.

- 14 Miér. ss. Basilio Magno, Marciano e Rufino.—I. P.
- 15 Juev. ss. Vilón, Modesto, Crescencia, e Benilde.—I. P.
- 16 Vier. O *Sagrado Corazón de Xesús*, ss. Benón, Francisco de Regis e Quirico
- 17 Sáb. O *Corazón de María* Sintísima, ss. Manuel, Ismael e Pablo.

- 18 Dom ss. Efrén, Marco, Marceliano e Paula.
 19 Lun. ss. Gervasio, Protasio, Bonifacio, Ursicino e
 Juliana
 20 Mar. ss. Silverio, Florentina e Macario.

Nova ás 5 en punto da tarde

Somella que a lúa quer entrar secando a terra das choviscas que veñen. Os ventos do N. E. queren revirar de seguida a tempía, que é de vran.

- 21 Miér. ss. Luis Gonzaga, Raimundo e Demetria

Sol en Cancer ás 12 e 48 da tarde

VRAU

- 22 Juev. ss. Paulino, Albano, Flavio e Niceas.
 23 Vier. ss. Zenón, Fiz e Agripina.
 24 Sáb. A Natividade de S. Xohan Bautista e ss. Xohan Treson (G), e Fausto.
 25 Dom. ss. Orosia, Guillermo, Próspera e Lucía.
 26 Lun. ss. Paio de Tuy mártir, Hermoigo bispo (G);
 Xohan, Pablo e Virginio.
 27 Mar. Nosa Sra. do Perpétuo Socorro e San Zoilo.
 28 Miér. ss. León, Argimiro, Paulo, Benigno e Irene.

Crescente ás 5 e 27 m. da tarde

Despéxase o ceo. Tempo xeitoso que doura o centeo. Que os labradores non esquezan que as doenzas da viña poden apretar mais neste vran.

- 29 Juev. † San Pedro e San Pablo e ss. Marcelo e Siro.
 30 Vier. A Conmemoración de San Pablo Apóstol e Santa Emilia.



Refráns de San Xohan

A y-auga por San Xohan tolle o viño e non dá pan.
 Maio longo, San Xohan redondo; Maio pardo,
 San Xohan craro.

Maio turbio, San Xohan craro, fan un ano muy
 temprado.

En San Xohan, xa a sardiña molla ó pan.

XULIO 31 DIAS

M E S D E S A N T - I A G O

- 1 Sáb. S. Faxildo abade de Antealtares (G), O Precioso Sangue de Noso Sr. Xesucristo, ss. Casto, Martín, Leonor e Galo.
- 2 Dom. A Visitación de Nosa Sra. e S. Longines.
- 3 Lun. ss. León, Trifón, Xacinto, Heliodoro i-Eulogio.
- 4 Mar. ss. Laureano, Flaviano e Teodoro.
- 5 Miér. ss. Miguel dos Santos, Zoa e Filomena.
- 6 Juev. ss. Dominica, Isaías, Lucía e Rómulo.

Cheia ás 4 e 27 m. da mañan

¶ A calor, que abafou en algunas terras, as de ribeira mais que outras, trouxo treboadas e castelos no ceo.

- 7 Vier. ss. Cirilo y Metodia, Claudio, Fermín e Lourenzo de Brindis.
- 8 Sáb. ss. Isabel, Agapito e Procopio.
- 9 Dom. ss. Cirilo, Alexandro, Anatolia e Zenón.
- 10 Lun. Bto. Xohan Xacobo Fernandes, mártir (G), e ss. Cristobo, Amalia, Segunda e Rufina.
- 11 Mar. ss. Dictinio bispo (G), Pío I, Abundio e Sabino.
- 12 Miér. ss. Xohan Gualberto, Félix e Marciana.

Mirgoante ás 8'39 da serán

¶ Unhas pingueiras queren mollar o chan pra que non arda cando a sega.

- 13 Juev. ss. Anacleto, Uxio, Xoel i-Esdras.
- 14 Vier. ss. Estebo abade (G.), Boaventura, Xenaro, Xusto e Marcelino.
- 15 Sáb. ss. Enrique, Camilo e Antioco.
- 16 Dom. Nosa Señora do Carmen e S. Fausto.
- 17 Lun. ss. Alexo, Marcelina, León, Xacinto e Xenerosa.—*Festa Nacional*.
- 18 Mar. ss. Camilo, Mariña de Augasantas Virxe e mártir (G), Sinforosa, Emiliano e Federico.—*Festa Nacional*
- 19 Miér. ss. Vicente de Paúl, Arsenia e Xusta.
- 20 Juev. ss. Elías, Librada, Xerome, Emiliana e Severa.

Nova ás 5 e 42 da mañán

● O calor amingua un pouco cas treboadas. Volve moitas veces o norte que non goren a ninguén.

21 Vier. ss. Práxedes, Feliciano e Xusta.

22 Sáb. ss. María Madanela, Teófilo e Cirilo.

Sol en Leo ás 11 e 43 da noite

CANÍCULA

23 Dom. ss. Apolinar, Brixida, Bernardo e Liborio.

24 Lun. ss. Cristina, Francisco Solano e Victor.

25 Mar. † O APÓSTOLO SANTIAGO O MAIOR PADROEIRO DA PÁTRIA.—ss. Cristóbal e Cucufate.

26 Miér. ss. Ana nai de Nosa Señora e Tudeia

27 Juev. ss. Pantaleón, Xuliana e Semproniana.

28 Vier. ss. Victor, Nazario, Celso e Eladio.

Orcemento ás 9 e 23 da mañán

● O canadiño de Santiago secou axiña. Ventos fríos e tempo uns días máis fresqueiro, outros en que o sol quer voltar pol-a honra

29 Sáb. ss. Marta, Serafina, Beatriz, Fiz e Próspero.

30 Dom. ss. Abdón, Senén, Teodomiro e Carmona.

31 Lun. ss. Ignacio de Loyola e Pablo.

Cantares de Compostela

Deica Santiago irei;
de Santiago para arriba
bagullas que eu botarei.

Santiago é boa vila
da de beber a quen pasa;
levando cartos na bulsa
pan de trigo haino na casa.

Indo eu para Santiago
no camiño achei espinas;
volta para a miña casa
que é a gala das meniñas.

AGOSTO 31 DIAS

MES DE SANTA MARÍA

- 1 Mar. ss. Pedro Advíncula, Fiz e Nemesio.—*Xubileos da Porciúncula.*
- 2 Miér. ss. Alfonso M.^a de Ligorio, Máximo e Nosa Sra. dos Anxos
- 3 Juev. A Invención de S. Estebo e S. Eufronio.
- 4 Vier. ss. Domingo de Guzmán, Perpetua i-Eutelio
Cheia ás 12 e 39 m. da mañán.
- 5 Bo tempo seco, ceo craro, ventos mainiños. Teremos tempía pra as colleitas.
- 6 Sáb. Nosa Sra. das Neves e S. Emigdio.
- 6 Dom. A Transfiguración do Señor e ss. Xusto e Pastor.
- 7 Lun. ss. Cayetano, Alberto, Donato e Sicilia.
- 8 Mar. Bto. Roxerio de Meira (G), ss. Ciriaco, Emilián e Marino
- 9 Mier. Bta. Urraca Sarmento abadesa (G), ss. Juan, Roman, Marciano e Cleto.
- 10 Juev. ss. Lourenzo ab. contra os incendios e Paula.
- 11 Vier. ss. Tiburcio, Filomena e Susana.
- 12 Sábado. *Mingoante ás 2 e 52 m. da noite.*
- 12 O calor, que se fixera pesado, armou treboadas. Non falla unha pingueira pra nos recordar a Nosa Señora.
- 12 Sáb. ss. Eusebio, Hilaria e Felicíssima.
- 13 Dom. ss. Clara, Casiano, Hipólita, Aurora i-Elena.
- 14 Lun. ss. Nuño Alvarez coengo, (G), Eusebio, Anastasia e Demetrio.—*Vixilia da Asunción.*—*Aínc e abstinencia.*
- 15 Mar. † A Asunción, N.^a S.^a de Todo o Mundo, N.^a S.^a dos Ollos Grandes, Nosa Patrona, S. Payo, bispo (G).
- 16 Miér. ss. Roque, Xacinto e Xaquín paí de N.^a S.^a
- 17 Juev. Santas Godina abadesa, i-Eufemia Virxe e mártir (G.), e ss. Paulo, Jacinto, Xuliana, Librada e Anastasio.
- 18 Vier. ss. Leonardo, Clara i-Elena.

Lúa nova ás 8 e 25 m. da noite

Bo tempo onde os ventos do S. O. non trayan nubes
y-unha pouca agua.

- 19 Sáb. ss. Mariano, Luis, Maxín e Juan de Gudes.
- 20 Dom. ss. Bernardo, Samuel e Severo.
- 21 Lun. ss. Fidel, Ciriaca e Francisca de Premiot.
- 22 Mar. ss. Fabriciano e Timoteo.
- 23 Miér. ss. Felipe Benicio e Valeriano.

Sol en Virgo ás 6 e 32 m. da mañán

- 24 Juev. ss. Bartolomé i-Aurea.
- 25 Vier. ss. Luis, Xenxo e Patricia.
- 26 Sáb. ss. Ceferino, Segundo e Vítores.

Crecente ás 11 e 39 m. da noite

Sopra sin forza o mesmo vento que, logo, se revira.
Temos mais friaxe nas noites, mesmo onde o ceo é craro.

- 27 Dom. ss. Victorio bispo e mártir (G), Rufo e Xosé de Calasanz.
- 28 Lun. ss. Agustín, Bibiano, Paio e Mcisés.
- 29 Mar. A Degollación de S. Xohan Bautista.
- 30 Miér. ss. Ero de Armenteira abade (G), Rosa de Lima, Celedonio i-Emeterio.
- 31 Juev. ss. Osorio Gutiérrez o Conde Santo de Lourenzana (G), Ramón Nonnato e N.ª S.ª do Bó Viane.

Cantares da Peregrina

Eu si vou a Pontevedra
non vou por ver ós soldados;
vou por ver a Peregrina,
a dos pendentes dourados.

A Virxen da Peregrina
dicen que vai embarcar;
dlchoso do mariñeiro
que na barca a vai levar.

SEPTEMBRO 30 DIAS

ADICADO A SAN MIGUEL

1 Vier. ss. XII de Casayo abade (G) e Lupo.

2 Sáb. ss. Antolín, Estebo e Máxima.

Lúa chea ás 8 e 21 m. da noite

Os ventos do S. O. sosteñen o tempo; cando viren pra o N. O. poránse uns días claros, de outono.

3 Dom. ss. Columbiano, Ladislao e Serapia.

Sale a CANICULA

4 Lun. San Adrián eremita (G), Nosa S.^a da Consolação e ss. Cándida e Rosa.

5 Mar. ss. Lourenzo, Xustinián, Rómulo e Obdulia.

6 Miér. ss. Eutelio, Uxio e Petronio.

7 Juev. ss. Vicencio abade (G), Clodoaldo, Anastasio e Nosa S.^a dos Reises.

8 Ver. A Natividade de Nosa Señora.

9 Sáb. ss. María da Cabeza, Serxio e Gorgonio.

Mingoante ás 12 e 3 m. do dia

O sol, que tornou a quentar ben, cubrese de castellos aquí e acolá; treboadas e lostregos. Unha rega.

10 Dom. ss. Pedro de Mezonzo bispo, autor da Salve (G) Nicolás de Tolentino e Puiqueria.

11 Lun. Nosa Sra. das Viñas y ss. Proto e Xacinto.

12 Mar. O Santísimo Nome de María e S. Leoncio.

13 Miér. ss. Exaltación de Santa Cruz, Samuel bispo de Iria (G), Felipe, Eulogio e Maudillo.

14 Juev. A Exaltación da Sta. Cruz e S. Víctor.—*Día da Escola Cristiana*.

15 Vier. Os Dolores Gloriosos de Nosa Sra. e ss. Nicomedes, Valeriano e Porfirio.

16 Sáb. ss. Cornelio, Cipriano i- Eufemia.

17 Dom. As Chagas de S. Francisco e S. Pedro Arbués.

Nova ás 12 e 37 m. do dia

Tempia algo revirada, que non dana ó viño. Ventos lixeiros, que viran e levan e traen os nubrados.

18 Lun. ss. Tomás de Villanueva, José de Cupertino e Sofía.

- 19 Mar. A Aparición da Virxen da Saleta. s. Xenaro bispo e compañeiros mártires.
 20 Miér. ss. Eustaquio, Agapito e Cándida.—*Témportas*.—I. B.
 21 Juev. ss. Mateo, Isacio e Pánfilo.
 22 Vier. ss. Tomás de Villanueva, Mauricio, Lourenzo e Xouáns.—*Témportas*.—I. B.
 23 Sáb. ss. Lino, Fausto e Tecia.—*Témportas*.—*Abstinencia sin año*.—I. B.

Sol en Libra ás 3 e 47 da mañán

O U T O N O

- 24 Dom. Nosa S.ª das Mercedes e ss. Xerardo e Dalmacio.
 25 Lun. ss. Lope, María de Cervellón e Fermín.

Orcemento ás 12 e 7 m. do dia

Anque os labradores se queixan, o tempo non é tan
 dañoso pra o campo. A humedad da reguiña de S. Miguel
 corta a sequía. De noite algunas brétemas.

- 26 Mar. ss. Amancio, Cipriano e Xustina.
 27 Miér. ss. Cosme e Damián.
 28 Juev. Os Santos Bispos de Iria (G), e ss. Wenceslao e Máximo.
 29 Vier. San Miguel Arcánxel.
 30 Sáb. ss. Gregorio, Xerome, Sofía, e Sta. Teresiña do Neno Xesús.



Refráns de San Miguel

San Migueliño das uvas maduras, tarde ves e pouco duras.

Se qués ter abellas miraas polas Candeas; e se qués ter mel miras pol-o San Miguel.

San Miguel, co seu tonel.

A d i v i ñ a

¿Qué cousa e cousa
que ten boca e non come,
que ten pes e non anda? (*O pote*)

OUTONO 31 DIAS

ADICADO AO SANTO ANXEL

- 1 Dom. S. Gervasio (G.), O Sto. Anxel Custodio, e San Remixio.—*Dia do Caudillo.*
2 Lun. Os Anxos da Guarda, Saturio i-Eutele.

Chez ás 4 e 22 m. da mañán

Os de Lugo teremos bo tempo pra o San Froilán si o vento mareiro non descompón os días amoresíños que trai a lúa chea.

- 3 Mar. Bto. Vela eremita (G), ss. Dionisio, Fausto, Cándido, Xerardo e Sta. Teresiña do Neno Xexús.
4 Miér. ss. Francisco de Asís, Cayo e Aurea.
5 Juev. ss. Froilán bispo patrón de Lugo (G), e Plácido.
6 Vier. ss. Sabina, Primo, Feliciano e Bruno.
7 Sáb. Nosa Sra. do Rosario e ss. Serxio e Marco.
8 Dom. ss. Demetrio, Paio, Nestor e Santa Brixida.
9 Lun. Nosa Sra. da Cinta e S. Dionisio.

Mingoante á 1 e 12 m. da noite

- 10 Onde se desconipuxo o tempo o nordés non pode compolo. Imos ter uns días mellados.
11 Mar. ss. Francisco de Borja, Florencio e Paulino
12 Miér. A Mater idá da Nosa Señora, ss. Nicasio, Xermán e Fermín.
13 Juev. Nosa Sra. do Pilar e do Remedio.—*Festa oficial da Raza.*
14 Vier. ss. Pedro bispo (G), Eduardo, Marcial e Valentín. A Aparición da Virxe de Fátima.
15 Sáb. ss. Calixto, Evaristo e Bernardo.
16 Dom. ss. Teresa de Xesús e Bernardo.
17 Lun. ss. Fiorentino e Ambrosio.
18 Mar. ss. Eduvigis, Mariano, Mamerto e Victor.

Nova ás 5 e 35 da mañán

- 19 Esta lúa quere traer auguiña pras enchentes de San Simón e, ás terras da montaña, o regalo das primeiras neves, que pouco duran.
20 Miér. ss. Lucas, Xulián e Trifona.
21 Juev. ss. Pedro de Alcántara e Rosina.
22 Vier. ss. Caprasio, Xohan Cancio e Irene.

- 21 Sáb. ss. Hilarión, Astero e Arturo.
 22 Dom. ss. María Salomé e Córdula.
 23 Lun. ss. Servando, Pedro Pascual e Xermán.
Sol en Scorpius ás 12 e 41 m. da mañán
 24 Mar. ss. Rafael Arcánxo, Fortunato Martiño, e Beata Paula de Frassinetti.

Crescente ás 10 e 48 m. da noite

- ¶ NO, que tanto nos amolinrou este ano, agora ha querer axiarnos pra que non teñamos enchentes, que non falla quen as pida Veremos quen gaña.
 25 Miér. ss. Frutos, Crisanto e Daria.
 26 Juev. ss. Evaristo, Luciano, Florencia e Marciano.
 27 Vier. ss. Vicente, Sabina, Cristeta e Catalina.
 28 Sáb. ss. Simeón e Xudas Tadeo.
 29 Dom. Festividáde de Cristo Rey, ss. Narciso, Xeróna i-Eusebia. *Conmemoración dos Caídos.*
 30 Lun. ss. Cenobia, Claudio e Amparo.
 31 Mar. ss. Urbano, Quintín e Narciso.

Crece a 1 e 35 m. da tarde

Tempo case que enxoito. Ainda non calla a neve na serra.

Cantigas de Lugo

Paxaro que vas voando
 as prumas che van cáindo,
 si souperas paxariño
 o que de tí van decindo.

Moito teño que decirche
 moito teño que contar,
 de aquelas palabras tristes
 que me fixeron chorar.

Prende, salgueiriño, prende
 prende na fonte serea;
 tamén os meus ollos prenden
 nos olliños d'unha nena.

Recollidos por J. Montes

NOVEMBRO 30 DIAS

M E S D E S A N T O S

- 1 Miér. † *A Festa de Todol-os Santos.*—ss. Benigno, Cesáreo y María.
- 2 Juev. A Commemoración dos Difuntos e S. Xusto.
- 3 Vier. ss. Valentín, Hilario, Malaquías e Teófilo.
- 4 Sáb. ss. Carlos Borromeo e Domingo.
- 5 Dom. ss. Zacarías, Eusebio, Fiz e Isabel.
- 6 Lun. ss. Leonardo, Severo e Vinoco.
- 7 Mar. ss. Herculano, Amaranto, Ernesto e Florencio.

Mingoante ás 6 e 28 da serán

- 8 Os ventos viran pra o S. temos auga e humedadá
- 9 Miér. S. Alvito bispo (G), O Patrocínio de Nosa Sra. e ss. Severiano, Severo, Victorino e Godofredo.
- 10 Vier. ss. Aniano, Demetrio e Andrés.
- 11 Sáb. ss. Martíñio, Bartolomé e Toribio.
- 12 Dom. ss. Millán, Diego de Alcalá e Paterno.
- 13 Lun. ss. Estanislao, Uxío III, Homobono, Rufo e Diego de Alcalá.
- 14 Mar. Sta. Trahamunda de Poio abogosa dos emigrantes (G) e ss. Serapio, Lourenzo e Venerando.
- 15 Miér. ss. Uxío I, Leopoldo e Leoncio.

Nova ás 10 e 29 m. da noite

- 16 Juev. ss. Rufino, Marcos, Valero, Edmundo e Gertrudis
- 17 Vier. ss. Gregorio, Acisclo e Victoria.
- 18 Sáb. ss. Román, Máximo, Odón e Pedro.
- 19 Dom. ss. Isabel, Ponciano e Crispín.
- 20 Lun. ss. Félix de Valois, Simplicio e Agapito.—*Día de José Antonio.*
- 21 Mar. ss. Estebo, Honorio e Rufo.
- 22 Miér. Bto. Xohan de Pontevedra, (G), ss. Cecilia Columbianu e Mario.

Sol en Sagittarius ás 9 e 53 da mañán

- 23 Juev. ss. Clemente, Felicitas e Lucrecia.

Crescente as 7 e 53 da mañán

5 Sostense un tempo de nubes, humedade e frío poucos, sin que deixemos de ter brétemas pingonas que logo se esparexen.

24 Vier. ss. Gonzalo bispo de Mondoñedo (G), Juan de la Cruz, Crisógeno e Flora.

25 Sáb. ss. Catalina, Moisés e Gonzalo.

26 Dom. Os Santos Mártires de Córdoba, ss. Silvestre e Pedro

27 Lun. A Medalla Milagrosa, ss. Virxilio, Facundo e Primitivo

28 Mar. ss. Gregorio III, Estebo e Valeriano.

29 Miér. ss. Iluminada e Saturnino.

30 Juev. ss. Andrés, Constancia e Xustina.

Cheia perto da 1 da noite

A cheia querer enxugar o tempo con ventos froxos.
Onde teñan chuvia será ben manselina.

NOTAS VELLAS

Neste ano celébrase o Xubileio do Martirio do Apóstolo Sant-Iago. Fai mil novecentos anos que Herodes mandóuno matar en Jerusalén, aló pol-
44 despois de Cristo.

A oración da Salve foi composta en Galicia por un bispo de Compostela, San Pedro de Mesonzo.

A tradición do «cañón de pau» usado polos paisanos contra os franceses na guerra da Independencia responde a un feito certo. Un escritor d'aquel tempo, Fernández de Neira, conta como era: — «Dimos na traza de facer cañóns. E ¿sabes cómo? Colliámosche un tronco de calquer árbol, escachabámoscho por dentro co seu oido, logo posuímoslle unhas abrazadeiras de ferro e, desta sorte, resistía hasta doce cañonazos». No Museo de Pontevedra conservanse abrazadeiras e balas do famoso cañón feito polos homes de Cotobade.

DECEMBRO 31 DIAS

M E S D E N A D A L

- 1 Vier. ss. Eloy, Natalia e Cándida.
- 2 Sáb. ss. Bibiana, Elisa e Aureliana.
- 3 Dom. I de Advento.—ss. Francisco Xavier e Claudio.
—Péchanse as velacións.—I. B.
- 4 Lun. ss. Pedro Crisólogo, Osmundo, Cleto e Bárbara.
- 5 Mar. ss. Sabas, Agripina e Dalmacio.
- 6 Miér. ss. Fernando abade de Antealtares (G), Nicolás de Bari i Emiliano.
- 7 Juev. ss. Ambrosio, Policarpo e Urbán.

Mingoante perto das 3 da tarde

- 8 Trainos auga dálondo e boas neves, que duran pouco. Cando esparexan as brétemas virá moita friaxe.
- 9 Vier. † A Purísima Concepción de Nosa Señora.—Santos Macario i Esther.
- 10 Sáb. ss. Restituto, Cipriano e Locaia.
- 11 Dom. II de Advento.—S. Florencio abade (G), Nosa Sra. de Loreto ss. Eulalia i-Hermóxenes.—I. B.
- 12 Lun. ss. Dámaso Papa (G), Sabino e Daniel.
- 13 Mar. Nosa Sra. de Guadalupe e San Constancio.
- 14 Miér. ss. Uxio, Orestes e Lucía.
- 15 Juev. ss. Nicasio, Xusto, Pompeyo i-Espíridion.
- 16 Vier. ss. Eusebio, Valeriano, Máximo e Fortunato.

Nova ós 2 e 34 m. da tarde

- 17 A lúa nova non pode traer moita melloría. Friaxe, días nubrados, temperados de auga.
- 18 Sáb. ss. Eusebio, Valentín e Delaira.
- 19 Dom. III de Advento.—ss Francisco de Sena, Lázaro e Olimpia.—I. B.
- 20 Lun. Nosa Sra. da O., antigua Patrona de Pontevedra.
- 21 Mar. ss. Nemesio e Timoteo.
- 22 Miér. ss. Teófilo, Xullo e Domingo de Silos.—Témoporas.—I. B.
- 23 Juev. ss. Ilduara nai de S. Rosendo e Adosinda abadesa (G), Tomás e Anastasio.

Sol an Capricornus ós 11 e 1 m. da noite

INVERNO

22 Vier. ss. Demetrio, Zenón i-Elena — *Témportas*.—*Abs-tinencia sin almoço*.—I. B.

Crescente ás 3 e 54 m. da tarde

Tempo revolto e duro, neboeiros, auga e neve, de remate deixase ver unha raxeiriña de sol.

23 Sáb. ss. Victoria, Nicolás, Sérviulo e Vintila eremita.—*Témportas*.—I. B.

24 Dom. IV de Advento.—*Noiteboa*.—ss. Gregorio, Eutimio e Luciano.—I. B.

25 Lun. † A Natividade de Noso Señor Xesucristo.—I. P.

26 Mar. ss Estebo e Marino.—*Abrense as velacóns*.—I. P.

27 Miér. ss. Xohan Apóstol, Nicereta e Teodoro.—I. P.

28 Juev. Os Santos Inocentes —I. P.

29 Vier. Bto. Vidal abade (G), ss. David e Tomás Cantuariense.

Cheia á 1 e 38 m. da tarde

O ano quere sair con días craros si os ventos do S. que tivéramos deixan que o sol derrete as neves:

30 Sáb. A Traslación de Sant-Iago e S. Sabino.

31 Dom. ss. Franquilla abade de Rivas do Sil (G), Silvestre, Columbio e Pauliña.

Vellas paxoxoliñas

«A noite de Navidá»

E costumbre mui antigua
por antigua respetada
a de que un galego veña
cantar, na noite de Pascuas.

Nunca dirá cousas grandes,
que están as orellas fartas
d'óilo todolos anos,
xa sin ela, xa con gaita.

Pero, en fin, a Dios e a dita
por donde salire salla,
vai empezar, n'hai remedio,
e se non gusta, cachaza:

«Meu queridiño,

miña monada,
miña perlina
que n'unhas pallas
choras por veces,
por veces calas
oi da boca d'un galego
canto podes, canto mandas.

Antes que o mundo
fose da nada,
xa Tú eisistías
xa Tú reinabas,
eras o que eres,
cousa que pasma,

Verbo de Dios, e Dios Verbo,
Verbo no principio, e basta.

Criache os ceios,
criache as augas,
criache os homes,
criache as plantas,
criache todo,
e mais criaras

se vises que era preciso
dar á creación mais largas.

O home é certo
que che pesaba
d'habelo feito.

Mais ¿por qué causa?
Porque salia
ruín e canalla,
pouco conforme o modelo
de quen era semellanza.

Vendo os seus vicios,
vendo as suas faltas,
e vendo sempre
que s'aumentaban
quixeché darlle

lección ben crara
d'homildade, de probeza
vestindo Tú, carne humana.

Por él, meu neno,
son esas bágoas,
por él doux brutos
hoxe te abafan,
por él ainda
s'esto non basta
chegarás a dar a vida.
¡Veremos como che paga!

Luis Corral

M a l c o n s e i l o

Da choza nun escuro corrulliño,
veu nacer, casualmentes, un fentiño,
fentiño prisioneiro
que, esvaído e tristeiro,
e marelíño, o probe, como a cera,
non salia, do día en que nacera.

Cansado de vivir chora que chora,
o probe do fentiño
atopou na parede un furadiño,
e por él se meteu de cara a fora.

E cando iba salindo, un sapo veillo,
acochado entre as pedras da parede,
a modo de consello
díxolle hinchando o fól:

—Pro, señor fento, ¿pra onde vai vostede?
Fora daralle o frío e mail-o vento.

—Ben o sei, ben o sei—lle dixo o fento—
pero darame o sol...

E inda ben non mirara a luz do día,
ledo o fentiño aquel, medraba e ría.

Xosé Crecente Vega, Prbo.

A c e r t o u

Un crego na diximina
mui falangueiro e burlón
esamina de doctrina
a un cativo revertón.

— Se xa me tes ben sabido
o que che vou preguntar
heiche mercar un garrido,
senon ca vara de cedro
na caluga has de levar.

— ¿Sabes quén é Deus pitís?
— Pois Deus... Deus... élle San Pedro.
— ¡Acertache, catalvis!
— Pois mire, hom, boteille ao achar.

V. Taibo

CONTIÑO DA ALDEA

A forza do señor Laureano

O señor Laureano tiña unha berza moi grande no eido e quixoa arrincar, e ainda que andivo turra que turra non pudo desprendela, anque era un dos homes mais valentes do lugar.

E entón pra lle facer ver aos veciños a sua forza e, de paso, pra que lle axudasen a arrincar a berza, foi e chamou aos sete homes de mais forza da aldea, e desafiounos a quéun arrincaba a berza.

E aló chegaron todos, moi confiados na sua forza, e, un tras d'outro, puxaron e puxaron e non conseguiron nada.

Mais cando lle chegou a vez ao señor Laureano, como a berza xa estaba algo desprendida dos tirantós dos outros, botoulle a man e arrincouna.

E así quedou como o mais valente de todos e mais ca berza arrincada.

Limacara.—O 24; 16 Cedrón; 2 e 17 Puebla; 11 Río (Estarrrapa).

Lorenzana.—O 9, 19 e 28 e mercados os domingos.

Lugo.—O 4, 5 e 6 d^a Outono (anual), primeiro e penúltimo viernes, o 12 e mercados os martes, viernes e domingos; penúltimo dia de cada mes Nadela.

Meira.—O segundo e coarto domingo.

Mondoñedo.—O 17, 18 e 19 do Outono (anual); primeiro e terceiro xoves de cada mes, e mercado os xoves e domingos. Quendas o 2 de Mayo (anual).

Monterroso.—O 1.^º y o 15 e mercados os miércoles.

Monforte.—O 6 e 24, mercado os miércoles; 5 Fiolleda.

Muras.—O primeiro sábado; primeiro e segundo domingo Viveiró; terceiro domingo Balsa.

Neira de Jusá.—1.^º e 18 Baralla; 7 Sobrado.

Navia de Suarna.—Segundo domingo e derradeiro viernes, 23 de Febreiro e 29 de Setembro (anuales) Puebla; terceiro domingo Silvouta; cuarto domingo Paradela; primeiro domingo Rao.

Negreira de Muñiz.—O segundo domingo.

Os Nogales.—O segundo domingo Doncos.

Orol.—O primeiro domingo Miñotos.

Palas de Rey.—O 7 y o 19 e mercado os sábados.

Pantón.—O 1.^º e 15 Ferreira; 18 Santa Mariña.

Páramo.—O 10.

Pastoriza.—Cada quince días en domingo alterno Bretoña; o segundo e cuarto sábado Reigosa.

Piedrafita.—O 5 e 21 y o 8 de Setembro (anual).

Pol.—O 1.^º e 15 Riojuan; 7 e 21 Mosteiro.

Puebla do Brollón.—11 e 25; 29 Xunio (anual); 2 Estación.

Portomarín.—Mercado os domingos.

Quiroga.—O 10 e 27.

Rábade.—O 2 e o 22 e mercado os xueves.

Ribadeo.—Todos os miércoles e o 7 de Setembro.

Riotorto.—Mercado os sábados; 14 e 26 de cada deus meses Moxueira.

Ribas do Sil.—O 16.

Samos.—O 15; 17 Ponte do Lázara; 4 Castroncán.

Sarria.—O 6 e o 20, San Lázaro (anual) e mercados os domingos.

Saviñao.—O 8 Escairón; 26 Currelos.

Sober.—O 18 e 28.

Taboada.—O 20 e mercados os sábados.

Trabada.—O primeiro domingo; 25 de Abril Cadeira (anual); 30 de Mayo San Fernando (anual).

Trasparga.—O 28 e o domingo entre o 9 e o 15 Parga 23 Santa Cruz de Parga; 7 Villares; o último domingo Guitiriz e mercado os miércoles.

Triacastela.—O 12 e 28.

Valle d' Ouro.—O miércoles siguiente ao terceiro domingo e mercado os sábados.

Villameiá.—Cada quince días e mercado os domingos.

Villaodrid.—O 25 Villaeimil.

Viveiro.—O primeiro e terceiro domingo e mercado os xueves, sábados e domingos; o segundo domingo Galdo; lunes de Pascua, Cobas (anual).

Villalba.—O primeiro domingo e martes siguientes a o terceiro e mercados os martes e sábados; último domingo Arbol e mercados os viernes.

Feiras anuales de Galicia

Xaneiro: 7, Portes; 8, Navallos.—*Febreiro*: 3, Portomarín.—*Marzo*: Domingo de Lázaro, Sarria.—*Abril*: 6, Noya; lunes de Cuasimodo, Tuy; lunes de Pascua, Cobas en Viveiro.—*Mayo*: Día da Ascensión, Santiago; 30, Balboa, Ribadeo.—*Xunio*: Pascua de Pentecostés, Padrón; 1, Ourense; 29, Somiedo, e Brollón en Quiroga.—*Xulio*: 2, Coruña; 25, Santiago.-*Agosto*: Dia da Peregrina, Pontevedra.—24, San Bartolomé en Penas Agudas, Viveiro.—*Septiembre*: 8, Fonsagrada, 3 días; terceiro domingo Becerreá; 8, Pedrafita d' o Cebreiro.—*Octubre*: 5, Lugo 3 días; 14, Villalba; 18, Mondoñedo, 3 días; 20, Lindín; terceiro domingo, Becerreá.—*Noviembre*, 1, Monterroso e Pontevedra.—*Diciembre*: Día da Purísima, Alvare, de onde é patrona, feira 12 días e merca lo os xoves.